Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

| | |
|---|---|
| Capítulo: | |
| Epígrafe: | |
| (Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia) | |

*SUMARIO:*

ORDE do .... de marzo de 2019 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

TEXTO:

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica os artigos 133, 134 e 135 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á selección da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas nesta lei, os requisitos para ser candidatos a director e o procedemento de selección. Entre os requisitos para presentar candidatura á dirección, o artigo 134.1.c) da lei inclúe o de estar en posesión da certificación acredidativa de ter superado un curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, impartido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas Administracións educativas das Comunidades Autónomas e establece tamén que as características do curso de formación serán desenvolvidas regulamentariamente polo Goberno e que as certificacións terán validez en todo o territorio nacional".

As características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva foron establecidas polo Real decreto 894/2014, do 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva (BOE núm. 270, do 7 de novembro) que na súa disposición transitoria única punto 1, estableceu que a partir dos cinco anos seguintes á entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, o persoal docente que estivese en posesión de habilitacións ou acreditacións da dirección de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor da mencionada lei, poderían participar nos procedementos selectivos de dirección de centros públicos trala superación dun curso de actualización de competencias directivas, sen necesidade de realizar o curso de formación. Así mesmo no punto 2 da mencionada disposición transitoria única establécese o mesmo para os que á entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, ou durante os cinco anos seguintes estivesen exercendo un posto de director ou directora nun centro docente público. Así mesmo,

establécese que a superación dun curso de actualización de competencias directivas en ningún caso será necesaria para a renovación do nomeamento da dirección, prevista no artigo 136.2 da mencionada lei.

No artigo 135.1 establécese que para a selección das direccións nos centros públicos, as administracións educativas convocarán concurso de méritos e establecerán os criterios obxectivos e o procedemento de selección, así como os criterios de valoración dos méritos do candidato e do proxecto presentado.

Procede convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros que rematan o seu mandato no actual curso académico 2018-2019 e non solicitaron a correspondente prórroga e aquelas direccións que rematan o seu mandato de carácter extraordinario ou accidental.

A convocatoria axústase ao previsto na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e aos preceptos que se manteñen vixentes do Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

ACORDO:

Artigo 1. *Convocatoria*

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I desta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Artigo 2. *Requisitos para ser candidata ou candidato á dirección*

2.1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionaria ou funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como funcionaria ou funcionario na función pública docente.

c) Ter impartido docencia directa como funcionaria ou funcionario, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta. Para estes efectos, enténdese que as funcionarias e funcionarios responsables da orientación educativa e profesional imparten docencia directa.

Para estes únicos efectos e de conformidade co establecido no punto 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, enténdese que reúne o requisito o persoal docente do corpo de mestres das especialidades de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñasen funcións de atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, cinco anos.

d) Estar en posesión da certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, ou curso de actualización de competencias directivas, tal e como se establece no Real decreto 894/2014, do 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, impartido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, ou polas Administracións educativas das restantes Comunidades Autónomas.

Serán, así mesmo, válidos a superación dos cursos organizados por persoas físicas ou xurídicas determinadas por unha Administración educativa, sempre que conste expresamente que foron autorizados para os efectos establecidos no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

e) Estar en situación de servizo activo e estar prestando servizos nun centro educativo ou organismo dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

No suposto de estar nunha situación administrativa distinta da de servizo activo, poderán presentarse tamén os que reúnan os requisitos relacionados nos apartados a), b), c) e d) do punto anterior sempre que o último centro no se que se prestou servizos sexa dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e se reúnan os requisitos para reingresar con efectividade do 1 de xullo de 2019.

f) Presentar un proxecto de dirección nos termos previstos no artigo seguinte.

2.2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada/o directora ou director dun centro público específico de educación infantil, dun centro incompleto de educación primaria, nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades, nos centros nos que se imparten ensinanzas artísticas profesionais,deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exixirán os requisitos establecidos nas letras b) e c) do punto 1 desta epígrafe.

2.3. Todos os requisitos enumerados anteriormente, deberán posuírse e ser acreditados na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2.4. O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que preste servizo nos centros que imparten ensinanza secundaria obrigatoria, poderá optar á dirección dos centros docentes nos que se imparte dito nivel educativo sempre que cumpra os requisitos sinalados nos apartados anteriores.

Así mesmo, de conformidade co establecido no punto 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, poderá presentarse o persoal docente do corpo de mestres

das especialidades de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñasen funcións de atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, cinco anos, e reúnan os restantes requisitos sinalados nos apartados anteriores.

2.5. De conformidade co establecido no artigo 15.4 do Decreto 29/2007, do 8 de marzo, a avaliación negativa do desempeño da dirección e causa de exclusión da participación no concurso de méritos para acceder á dirección dun centro docente público durante un período de tres anos.

Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

3.1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da provincia correspondente, e poderase imprimir e descargar unha vez formalizados os datos de participación no concurso a través do enderezo web www.edu.xunta.es/cxt.

Cómpre sinalar que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que, quen non a teña, deberá solicitala a través da páxina web https://www.edu.xunta.es/contausuario.

Xunto coa solicitude achegarase ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde, agás aqueles que xa consten na base de datos de persoal.

b) No seu caso, documentación acreditativa de ter superado o curso de formación ou o curso de actualización sobre o desenvolvemento da función directiva.

c) Proxecto de dirección que inclúa, polo menos, unha análise da situación, as áreas de mellora, os obxectivos do proxecto, as liñas de actuación, a súa temporalización, os recursos e a organización do centro e os indicadores para a súa avaliación. No proxecto de dirección deberá facerse referencia, entre os seus obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación, ó previsto nos artigos 17 e 18 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

O proxecto de dirección non excederá de 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, espazo entre liñas: 1,5.

d) Calquera outra documentación que a candidata ou candidato considere idónea en interese da súa solicitude.

3.2. Efectuárase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dúas.

3.3. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro ou centros docentes que soliciten unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará a disposición dos membros do claustro de profesores e do consello escolar na secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesores exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na secretaría.

3.4. A solicitude, xunto coa documentación a que se alude no punto anterior, poderase presentar no rexistro da Xunta de Galicia ou das súas delegacións territoriais, ou en calquera das dependencias ás que alude no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

3.5. As persoas aspirantes serán responsables da veracidade da documentación aportada e, conforme se indica no formulario da solicitude, declarando que esa documentación é copia fiel dos orixinais que obran no seu poder, sen prexuízo da posibilidade por parte da Administración de requirirlles en calquera momento a documentación orixinal. No caso de inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou documento aportado levará consigo a perda do dereito á participación neste proceso, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar, conforme dispón o artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.6. Unicamente se terán en conta aqueles méritos debidamente xustificados dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 4.2. desta orde.

Os méritos aportados para a súa valoración deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 4. *Prazo de presentación de solicitudes e emenda.*

4.1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

4.2. Agás a presentación do proxecto de dirección, se a restante documentación aportada non reunira os requisitos exixidos na presente orde, a comisión de selección requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles desde a súa notificación e coa indicación de que se así non o fixese non lle serán tidos en conta, ou no seu caso, procederíase a declaración de desestimento.

Artigo 5. *Comisión de Selección*

5.1. En cada centro educativo constituirase unha comisión de selección, nomeada polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que terá como sede a localidade e local que decida a súa presidencia e que terá a seguinte composición:

a) Unha inspectora ou inspector de Educación, designado polo xefe territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que exercerá a presidencia.

b) Tres inspectores/as ou directores/as de centros educativos públicos, designados polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

c) Dúas profesoras ou profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. No caso de producirse empate no número de votos repetirase unha vez a votación e de persistir o empate dirimirase por sorteo.

d) Un membro do consello escolar, elixido por e entre os membros do consello escolar. No caso de producirse empate no número de votos repetirase unha vez a votación e de persistir o empate dirimirase por sorteo.

5.2. Actuará como secretaria ou secretario da comisión o representante do claustro de Profesores con menor antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira e, en caso de empate, o máis novo.

5.3. A representación do consello escolar do centro non poderá recaer no alumnado que estea matriculado nun curso inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

5.4. En ningún caso, as persoas candidatas á dirección poderán formar parte da comisión de selección.

5.5. Designaranse suplentes das persoas membros da comisión de selección en cada un dos ámbitos de representación que actuarán en substitución das persoas titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destas.

5.6. Ás persoas membros da comisión de selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.7. A dirección do centro efectuará a proposta de nomeamento dos representantes do claustro e do consello escolar na comisión de selección á xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao de remate do prazo de solicitudes establecido no artigo catro desta orde, sen que se teñan en consideración posibles ampliacións do mesmo.

5.8. A non elección das persoas representantes do claustro de profesores ou do consello escolar non impedirá a constitución e o normal funcionamento da comisión de selección.

5.9. A composición da comisión de selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 6. *Composición da comisión de selección en determinados supostos*

Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á dirección non lle permita ao claustro elixir dous membros de entre o profesorado, a composición da comisión de selección será a seguinte:

a) Unha inspectora ou inspector de Educación, designado polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que exercerá á presidencia.

b) Dous inspectores/as ou directores/as de centros educativos públicos, designados polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

c) Un profesor ou profesora do centro elixida polo claustro de profesorado.

d) Un membro do consello escolar, elixido por e entre os seus compoñentes.

Artigo 7. *Funcións da comisión de selección e procedemento de funcionamento*

7.1. Recibidas as solicitudes dirixidas á xefatura territorial, a comisión de selección comprobará que o persoal aspirante reúne os requisitos establecidos nesta orde e notificaralle ao persoal aspirante a admisión ou rexeitamento da súa petición.

7.2. Contra o rexeitamento da solicitude, os aspirantes poderán presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do rexeitamento da solicitude.

7.3. A comisión de selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada aspirante, de acordo co baremo que se publica como anexo II desta orde.

7.4. A comisión de selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, e poderá ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a Comisión de Selección decida a realización desta entrevista, deberá efectuala a todos e cada un dos candidatos e candidatas.

7.5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas membros presentes da comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.6. Contra as puntuacións outorgadas pola comisión de selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de dez días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro educativo.

7.7. Cada persoa membro da comisión elaborará un sucinto informe xustificativo da súa cualificación do proxecto de dirección.

Artigo 8. *Selección das candidaturas*

8.1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a Comisión de Selección establecerá a puntuación final obtida polos aspirantes e seleccionará a candidata ou candidato que proporá como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

8.2. Para poder ser seleccionada e nomeada para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

8.3. No caso de se produciren empates na puntuación total das persoas aspirantes, estas dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no proxecto de dirección.

b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.

c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

8.4. Se un candidato ou candidata resultase seleccionado/a para dous centros, nomearase no centro no que tivese destino definitivo. De non ter destino definitivo en ningún dos centros, será nomeado no centro polo que opte, e procederase a seleccionar e nomear no centro non elixido a outra persoa aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

Artigo 9. *Recursos*

Contra a decisión da comisión de selección, que resolve definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da dirección do centro, cabe recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Artigo 10. *Nomeamento*

10.1. A xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional procederá a nomear directora ou director a persoa proposta pola comisión avaliadora.

10.2. Os nomeamentos das direccións realizaranse con efectividade do 1 de xullo de 2019 e por unha duración de catro anos, prorrogables de acordo co previsto no artigo 136 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

10.3. Cando o nomeamento recaia nunha funcionaria ou funcionario que non teña destino definitivo no centro, a dirección desempeñarase en réxime de comisión de servizos.

Artigo 11*. Nomeamento con carácter extraordinario*

Nos supostos de ausencia de candidatos, ou cando a comisión correspondente non seleccione ningún candidato, ou nos centros de nova creación, a Dirección será nomeada pola xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, oído o claustro de profesores e o consello escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos no artigo 2 desta orde.

Disposición adicional primeira. *Nomeamento excepcional*

Poderán participar neste concurso de méritos o persoal docente que non reúna o requisito establecido no artigo 2.d) da presente orde. Estas persoas poderán ser seleccionadas naqueles centros nos que non haxa persoas candidatas e o seu nomeamento farase coa obriga de realizar o curso de formación, ou se fose o caso, de actualización de competencias directivas que se convoque pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, durante o curso académico 2019/2020.

Disposición adicional segunda. *Impugnación da orde*

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo de Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, **.....** de marzo de 2019

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Insírase no DOG

ANEXO I

## Centros con praza vacante de Dirección para o curso 2019-2020

| *Código* | *Centro* | *Concello* | *Provincia* |
|---|---|---|---|
| 15019301 | CPI de San Vicente | A Baña | A Coruña |
| 15005385 | CEE María Mariño | A Coruña | A Coruña |
| 15019323 | CEIP Alborada | A Coruña | A Coruña |
| 15004991 | CEIP Cidade Vella | A Coruña | A Coruña |
| 15027241 | CEIP Juan Fernández Latorre | A Coruña | A Coruña |
| 15019311 | CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cervino | A Coruña | A Coruña |
| 15025025 | CEIP San Francisco Javier | A Coruña | A Coruña |
| 15024902 | CEIP Wenceslao Fernández Flórez | A Coruña | A Coruña |
| 15023417 | CEP Pilar Maestu Sierra | A Pobra do Caramiñal | A Coruña |
| 15013199 | CEP Salustiano Rey Eiras | A Pobra do Caramiñal | A Coruña |
| 15000016 | CEIP Plurilingüe San Marcos | Abegondo | A Coruña |
| 15025220 | CEP Plurilingüe de Ventín | Ames | A Coruña |
| 15021779 | CEIP da Castellana | Aranga | A Coruña |
| 15023041 | CEIP de Galán | Arteixo | A Coruña |
| 15000363 | CEIP Ponte dos Brozos | Arteixo | A Coruña |
| 15032376 | EEI de Vilarrodís-Oseiro | Arteixo | A Coruña |
| 15026194 | CEIP Plurilingüe A Fraga | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña |
| 15013643 | CEIP Plurilingüe A Magdalena | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña |
| 15013591 | CEIP Plurilingüe Santa María | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña |
| 15001367 | CEIP Plurilingüe de Abanqueiro | Boiro | A Coruña |
| 15021500 | CEIP Santa Baia | Boiro | A Coruña |
| 15027851 | IES Plurilingüe A Cachada | Boiro | A Coruña |
| 15001847 | CEIP Plurilingüe de Pedrouzos | Brión | A Coruña |
| 15002050 | CEIP O Areal | Camariñas | A Coruña |
| 15002086 | CEIP Plurilingüe de Ponte do Porto | Camariñas | A Coruña |
| 15002165 | CEIP Wenceslao Fernández Flórez | Cambre | A Coruña |
| 15002578 | CEIP Fogar | Carballo | A Coruña |
| 15021524 | CEIP Plurilingüe A Cristina | Carballo | A Coruña |
| 15027393 | CEIP Xesús San Luís Romero | Carballo | A Coruña |
| 15032251 | CRA Ponte da Pedra | Carballo | A Coruña |
| 15011661 | CEIP Manuel Fraga Iribarne | Cariño | A Coruña |
| 15002761 | CEIP de Carnota | Carnota | A Coruña |
| 15003054 | CEIP Nicolás del Río | Cedeira | A Coruña |
| 15003248 | CEIP Plurilingüe Eugenio López | Cee | A Coruña |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 15020970 | CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro | Cerceda | A Coruña |
| 15003534 | CEIP da Barqueira | Cerdido | A Coruña |
| 15003807 | CEIP de Bormoio-Agualada | Coristanco | A Coruña |
| 15026480 | CRA Novo Mencer | Coristanco | A Coruña |
| 15027253 | CEIP Isaac Díaz Pardo | Culleredo | A Coruña |
| 15005828 | CEIP Plurilingüe de Tarrío | Culleredo | A Coruña |
| 15032492 | CRA de Dodro | Dodro | A Coruña |
| 15021810 | CEIP Santa Eulalia de Dumbría | Dumbría | A Coruña |
| 15022981 | CEIP Plurilingüe de Centieiras | Fene | A Coruña |
| 15020982 | CEIP Plurilingüe O Ramo | Fene | A Coruña |
| 15006729 | CEE Terra de Ferrol | Ferrol | A Coruña |
| 15024227 | CEIP de Pazos | Ferrol | A Coruña |
| 15026960 | CEIP de Ponzos | Ferrol | A Coruña |
| 15006699 | CEIP Recimil | Ferrol | A Coruña |
| 15008398 | CEIP Francisco López Estrada | Mañón | A Coruña |
| 15008805 | CEIP de Melide Nº 1 | Melide | A Coruña |
| 15023910 | CEIP Martagona | Melide | A Coruña |
| 15009391 | CEIP Santiago Apóstolo | Mugardos | A Coruña |
| 15009445 | CEIP Unión Mugardesa | Mugardos | A Coruña |
| 15022310 | CEIP A Gándara | Narón | A Coruña |
| 15010058 | CPI do Feal | Narón | A Coruña |
| 15010848 | CEIP Felipe de Castro | Noia | A Coruña |
| 15025050 | CEIP Ramón María del Valle-Inclán | Oleiros | A Coruña |
| 15011981 | CEIP José María Lage | Ortigueira | A Coruña |
| 15013291 | CEIP Eduardo Pondal | Ponteceso | A Coruña |
| 15013503 | CEIP Couceiro Freijomil | Pontedeume | A Coruña |
| 15024963 | CEIP Plurilingüe de Andrade | Pontedeume | A Coruña |
| 15013761 | CEIP de Campanario | Porto do Son | A Coruña |
| 15013977 | CEIP Santa Irene | Porto do Son | A Coruña |
| 15027401 | CEIP Ana María Diéguez | Rianxo | A Coruña |
| 15025281 | CEIP de Olveira | Ribeira | A Coruña |
| 15014544 | CEIP Plurilingüe O Grupo | Ribeira | A Coruña |
| 15014799 | CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde | Rois | A Coruña |
| 15014829 | CEIP Pedro Barrié de la Maza | Sada | A Coruña |
| 15014881 | CEIP Sada y sus Contornos | Sada | A Coruña |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 15014957 | CPI de San Sadurniño | San Sadurniño | A Coruña |
| 15026777 | CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña | Santa Comba | A Coruña |
| 15015652 | CEIP Apóstolo Santiago | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15016085 | CEIP Arquitecto Casas Novoa | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15021883 | CEIP de Vite I | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15016292 | CEIP Mestre Rodríguez Xixirei | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15016012 | CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15017041 | CEIP A Igrexa-Calo | Teo | A Coruña |
| 15017107 | CEIP da Ramallosa | Teo | A Coruña |
| 15017314 | CEIP Plurilingüe de Toques | Toques | A Coruña |
| 15020994 | CPI de Viaño Pequeno | Trazo | A Coruña |
| 15018343 | CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera | Val do Dubra | A Coruña |
| 15026789 | CEIP Baíñas | Vimianzo | A Coruña |
| 15019372 | CEIP Plurilingüe San Vicenzo | Vimianzo | A Coruña |
| 15005397 | IES Fernando Wirtz Suárez | A Coruña | A Coruña |
| 15025611 | IES Monte das Moas | A Coruña | A Coruña |
| 15032807 | IES do Milladoiro | Ames | A Coruña |
| 15000338 | CPI As Mirandas | Ares | A Coruña |
| 15001136 | IES Francisco Aguiar | Betanzos | A Coruña |
| 15026352 | IES Brión | Brión | A Coruña |
| 15001926 | CPI As Revoltas | Cabana de Bergantiños | A Coruña |
| 15026376 | IES Punta Candieira | Cedeira | A Coruña |
| 15003212 | IES Agra de Raíces | Cee | A Coruña |
| 15005749 | IES Universidade Laboral | Culleredo | A Coruña |
| 15021469 | IES Leixa | Ferrol | A Coruña |
| 15007400 | CPI de Ponte Carreira | Frades | A Coruña |
| 15027654 | IES Agra de Leborís | Laracha, a | A Coruña |
| 15008817 | IES de Melide | Melide | A Coruña |
| 15009071 | CPI Castro Baxoi | Miño | A Coruña |
| 15027927 | IES Ramón Caamaño | Muxía | A Coruña |
| 15025268 | IES As Telleiras | Narón | A Coruña |
| 15026455 | IES Terra de Trasancos | Narón | A Coruña |
| 15027952 | IES Miraflores | Oleiros | A Coruña |
| 15026406 | IES Eduardo Pondal | Ponteceso | A Coruña |
| 15025682 | IES Fraga do Eume | Pontedeume | A Coruña |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 15027711 | IES Leliadoura | Ribeira | A Coruña |
| 15026753 | IES A Pontepedriña | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15027319 | IES de Sar | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15015755 | IES Plurilingüe Rosalía de Castro | Santiago de Compostela | A Coruña |
| 15017880 | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz | Touro | A Coruña |
| 15026418 | IES Terra de Soneira | Vimianzo | A Coruña |
| 15019281 | CPI de Zas | Zas | A Coruña |
| 27016224 | CEIP de San Cosme | Barreiros | Lugo |
| 27000629 | CEIP San Xoán | Becerreá | Lugo |
| 27000897 | CEIP Virxe do Corpiño | Begonte | Lugo |
| 27015751 | CEIP Plurilingüe Vista Alegre | Burela | Lugo |
| 27002353 | CPI de Cervantes | Cervantes | Lugo |
| 27015301 | CEIP de Cervo | Cervo | Lugo |
| 27020859 | CEIP Península da Paz | Cervo | Lugo |
| 27013697 | CEIP Plurilingüe Eloísa Rivadulla | Chantada | Lugo |
| 27016391 | CEIP O Cantel | Foz | Lugo |
| 27014008 | CPI Plurilingüe Tino Grandío | Guntín | Lugo |
| 27006395 | CEIP Benigno Quiroga Ballesteros | Lugo | Lugo |
| 27006334 | CEIP das Mercedes | Lugo | Lugo |
| 27013673 | CEIP de Casás | Lugo | Lugo |
| 27006401 | CEIP Sagrado Corazón | Lugo | Lugo |
| 27006954 | CEIP Álvaro Cunqueiro Mora | Mondoñedo | Lugo |
| 27014847 | CEIP Plurilingüe do Corgo | O Corgo | Lugo |
| 27012826 | CEIP Santa María do Valadouro | O Valadouro | Lugo |
| 27014070 | CEIP de Palas de Rei | Palas de Rei | Lugo |
| 27010064 | CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro | Pol | Lugo |
| 27013703 | CEIP de Quiroga | Quiroga | Lugo |
| 27011032 | CEIP de San Clodio | Ribas de Sil | Lugo |
| 27013338 | CEIP Antonio Insua Bermúdez | Vilalba | Lugo |
| 27016406 | CEIP Plurilingüe de Covas | Viveiro | Lugo |
| 27016170 | CEIP Plurilingüe Santa Rita | Viveiro | Lugo |
| 27005691 | CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán | Xove | Lugo |
| 27014811 | IES Plurilingüe Fontem Albei | A Fonsagrada | Lugo |
| 27016716 | IES Fonmiñá | A Pastoriza | Lugo |
| 27013958 | IES Monte Castelo | Burela | Lugo |
| 27015891 | IES da Terra Chá, José Trapero Pardo | Castro de Rei | Lugo |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 27003151 | IES Lama das Quendas | Chantada | Lugo |
| 27002997 | CPI Plurilingüe Virxe do Monte | Cospeito | Lugo |
| 27003655 | CPI Poeta Uxío Novoneyra | Folgoso do Courel | Lugo |
| 27020707 | CDAN Conservatorio Profesional de Danza | Lugo | Lugo |
| 27015955 | EOI de Lugo | Lugo | Lugo |
| 27601509 | EPAPU Albeiros | Lugo | Lugo |
| 27015761 | IES Ánxel Fole | Lugo | Lugo |
| 27006541 | IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes | Lugo | Lugo |
| 27015311 | IES A Pinguela | Monforte de Lemos | Lugo |
| 27007259 | IES Río Cabe | Monforte de Lemos | Lugo |
| 27016352 | IES do Camiño | Palas de Rei | Lugo |
| 27015189 | IES de Quiroga | Quiroga | Lugo |
| 27016613 | IES Río Miño | Rábade | Lugo |
| 27013326 | IES Lois Peña Novo | Vilalba | Lugo |
| 27013314 | IES Santiago Basanta Silva | Vilalba | Lugo |
| 27013648 | IES Vilar Ponte | Viveiro | Lugo |
| 27016625 | IES Illa de Sarón | Xove | Lugo |
| 32000708 | CEIP Virxe de Guadalupe | Avión | Ourense |
| 32016340 | IES Aquis Querquernis | Bande | Ourense |
| 32002951 | CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo | Carballiño | Ourense |
| 32003001 | IES Nº 1 | Carballiño | Ourense |
| 32003643 | CPI Virxe dos Remedios | Castro Caldelas | Ourense |
| 32005305 | CPI Plurilingüe Laureano Prieto | A Gudiña | Ourense |
| 32008033 | CEIP Plurilingüe de Luíntra | Nogueira de Ramuin | Ourense |
| 32015463 | CEE Miño | Ourense | Ourense |
| 32015529 | CEE O Pino | Ourense | Ourense |
| 32009153 | CEIP Mariñamansa | Ourense | Ourense |
| 32016030 | EASD Antonio Failde | Ourense | Ourense |
| 32016081 | EOI de Ourense | Ourense | Ourense |
| 32009190 | IES As Lagoas | Ourense | Ourense |
| 32008941 | IES Eduardo Blanco Amor | Ourense | Ourense |
| 32016455 | IES Julio Prieto Nespereira | Ourense | Ourense |
| 32009131 | IES Universidade Laboral | Ourense | Ourense |
|  | CPI de Padrenda-Crespos | Padrenda | Ourense |
| 32010601 | CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso | Pobra de Trives | Ourense |
| 32011135 | CEIP Rogelio Garcia Yáñez | Ramirás | Ourense |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 32020628 | CRA Amencer | Ribadavia | Ourense |
| 32015256 | CEIP das Vendas da Barreira | Riós | Ourense |
| 32011755 | CEIP Manuel Respino | A Rúa | Ourense |
| 32016637 | IES Cosme López Rodríguez | A Rúa | Ourense |
| 32011901 | CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño | Rubiá | Ourense |
| 32013612 | IES Xesús Taboada Chivite | Verín | Ourense |
| 32013958 | CEIP Xosé Manuel Folla Respino | Vilamartín de Valdeorras | Ourense |
| 32014151 | CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio | Vilar de Barrio | Ourense |
| 32014501 | CEIP Plurilingüe Rodolfo Núñez Rodríguez | Vilardevós | Ourense |
| 32004829 | CEIP Rosalía de Castro | Xinzo de Limia | Ourense |
| 32014801 | IES Cidade de Antioquía | Xinzo de Limia | Ourense |
| 32015232 | IES Lagoa de Antela | Xinzo de Limia | Ourense |
| 36024756 | CEE de Panxón | Nigrán | Pontevedra |
| 36010733 | CEE Saladino Cortizo | Vigo | Pontevedra |
| 36019438 | CEIP A Guía | Moaña | Pontevedra |
| 36004484 | CEIP da Laxe | Marín | Pontevedra |
| 36010228 | CEIP A Paz | Vigo | Pontevedra |
| 36015135 | CEIP A Sangriña | A Guarda | Pontevedra |
| 36016590 | CEIP Abelendo | Moaña | Pontevedra |
| 36015834 | CEIP Altamar | Vigo | Pontevedra |
| 36000031 | CEIP Antonio Carpintero | Arbo | Pontevedra |
| 36018100 | CEIP As Bizocas | O Grove | Pontevedra |
| 36018653 | CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo | A Guarda | Pontevedra |
| 36003662 | CEIP Chano Piñeiro | Gondomar | Pontevedra |
| 36009974 | CEIP Coutada-Beade | Vigo | Pontevedra |
| 36004460 | CEIP de Ardán | Marín | Pontevedra |
| 36004691 | CEIP de Coirón-Dena | Meaño | Pontevedra |
| 36014921 | CEIP de Fontes-Baíña | Baiona | Pontevedra |
| 36010137 | CEIP de Igrexa-Candeán | Vigo | Pontevedra |
| 36016644 | CEIP de Laredo | Redondela | Pontevedra |
| 36015202 | CEIP de Lourido | Poio | Pontevedra |
| 36008805 | CEIP de Portonovo | Sanxenxo | Pontevedra |
| 36018471 | CEIP de Rebordáns | Tui | Pontevedra |
| 36007709 | CEIP de Reboreda | Redondela | Pontevedra |
| 36015263 | CEIP de Rubiáns | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra |
| 36001665 | CEIP de Tenorio | Cercedo-Cotobade | Pontevedra |
| 36014945 | CEIP de Valeixe | A Caniza | Pontevedra |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 36012742 | CEIP de Vilaxoán | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra |
| 36002773 | CEIP do Foxo | A Estrada | Pontevedra |
| 36001057 | CEIP do Hío | Cangas | Pontevedra |
| 36007370 | CEIP Feliciano Barrera | Ponteareas | Pontevedra |
| 36008751 | CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón | Salvaterra do Miño | Pontevedra |
| 36007199 | CEIP Isidora Riestra | Poio | Pontevedra |
| 36014738 | CEIP de Leirado | Salvaterra do Miño | Pontevedra |
| 36003959 | CEIP Manuel Rodríguez Sinde | A Guarda | Pontevedra |
| 36005555 | CEIP Marquesa do Pazo da Mercé | As Neves | Pontevedra |
| 36010150 | CEIP Mestres Goldar | Vigo | Pontevedra |
| 36009998 | CEIP de Mosteiro-Bembrive | Vigo | Pontevedra |
| 36003111 | CEIP Nosa Señora das Dores | Forcarei | Pontevedra |
| 36005087 | CEIP Nosa Señora de Lourdes | Mondariz-Balneario | Pontevedra |
| 36007497 | CEIP Nosa Señora dos Remedios | Ponteareas | Pontevedra |
| 36015652 | CEIP O Piñeiriño | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra |
| 36010101 | CEIP O Sello | Vigo | Pontevedra |
| 36009962 | CEIP Otero Pedrayo | Vigo | Pontevedra |
| 36018410 | CEIP Plurilingüe Quintela | Redondela | Pontevedra |
| 36014817 | CEIP Plurilingüe de Igrexa-Chapela | Redondela | Pontevedra |
| 36000508 | CEIP Plurilingüe de Castrelo | Cambados | Pontevedra |
| 36000326 | CEIP Plurilingüe Montemogos | Bueu | Pontevedra |
| 36014854 | CEIP Plurilingüe de Oca | A Estrada | Pontevedra |
| 36001033 | CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo | Cangas | Pontevedra |
| 36009135 | CEIP Plurilingüe de Silleda | Silleda | Pontevedra |
| 36016954 | CEIP Plurilingüe Mestre Ramiro Sabell Mosquera | Ponteareas | Pontevedra |
| 36015366 | CEIP Plurilingüe O Pombal | Vigo | Pontevedra |
| 36012584 | CEIP Plurilingüe Rosalía De Castro | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra |
| 36006134 | CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez | Pontevedra | Pontevedra |
| 36009032 | CEIP Ramón de Valenzuela | Silleda | Pontevedra |
| 36010666 | CEIP San Salvador | Vigo | Pontevedra |
| 36015093 | CEIP San Tomé | Cambados | Pontevedra |
| 36010587 | CEIP de Sárdoma-Moledo | Vigo | Pontevedra |
| 36013552 | CEIP Seara | Moaña | Pontevedra |
| 36014672 | CEIP Serra-Vincios | Gondomar | Pontevedra |
| 36015810 | CEIP Plurilingüe Sobreira-Valadares | Vigo | Pontevedra |
| 36013011 | CEIP da Torre-Illa | A Illa de Arousa | Pontevedra |
| 36010629 | CEIP Vicente Risco | Vigo | Pontevedra |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 36006353 | CEIP de Vilaverde-Mourente | Pontevedra | Pontevedra |
| 36004101 | CEIP Xesús Golmar | Lalín | Pontevedra |
| 36007023 | CEIP Xosé Fernández López | O Porriño | Pontevedra |
| 36016051 | CEIP Seis do Nadal | Vigo | Pontevedra |
| 36010241 | CEIP Illas Cíes | Vigo | Pontevedra |
| 36015354 | CEIP Plurilingüe da Carrasqueira | Vigo | Pontevedra |
| 36015068 | CEIP Balaídos | Vigo | Pontevedra |
| 36015241 | CEP Celso Emilio Ferreiro | Vigo | Pontevedra |
| 36000478 | CEP Antonio Magariños Pastoriza | Cambados | Pontevedra |
| 36008489 | CEP Altamira | Salceda de Caselas | Pontevedra |
| 36010711 | CEP Dr. Fleming | Vigo | Pontevedra |
| 36019611 | CEP Marcos da Portela | Pontevedra | Pontevedra |
| 36018631 | CEP Xosé Neira Vilas | Gondomar | Pontevedra |
| 36000879 | CEP de Nazaret | Cangas | Pontevedra |
| 36024161 | CRA De Valga | Valga | Pontevedra |
| 36024112 | CRA Mestra Clara Torres | Tui | Pontevedra |
| 36024045 | CRA Mestre Manuel Garcés | Tomiño | Pontevedra |
| 36015160 | EEI As Dunas Panxón | Nigrán | Pontevedra |
| 36016814 | EEI do Con | Moaña | Pontevedra |
| 36016796 | EEI Verducedo | Moaña | Pontevedra |
| 36005865 | CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios | Nigrán | Pontevedra |
| 36000405 | CPI Plurilingüe Alfonso VII | Caldas de Reis | Pontevedra |
| 36001148 | CPI da Cañiza | A Cañiza | Pontevedra |
| 36013588 | CPI do Toural | Vilaboa | Pontevedra |
| 36018999 | IES As Barxas | Moaña | Pontevedra |
| 36013761 | IES A Xunqueira I | Pontevedra | Pontevedra |
| 36019751 | IES Antón Alonso Ríos | Tomiño | Pontevedra |
| 36019220 | IES Auga da Laxe | Gondomar | Pontevedra |
| 36012471 | IES Castro Alobre | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra |
| 36015159 | IES Chan Do Monte | Marín | Pontevedra |
| 36019323 | IES Chano Piñeiro | Forcarei | Pontevedra |
| 36019426 | IES Coruxo | Vigo | Pontevedra |
| 36020234 | IES de Barro | Barro | Pontevedra |
| 36019050 | IES de Beade | Vigo | Pontevedra |
| 36020131 | IES de Mos | Mos | Pontevedra |
| 36024781 | IES do Barral | Ponteareas | Pontevedra |

| Código | Centro | Concello | Provincia |
|---|---|---|---|
| 36015184 | IES Escolas Proval | Nigrán | Pontevedra |
| 36024203 | IES Faro das Lúas | Vilanova de Arousa | Pontevedra |
| 36019268 | IES Gonzalo Torrente Ballester | Pontevedra | Pontevedra |
| 36002335 | IES Manuel García Barros | A Estrada | Pontevedra |
| 36000922 | IES María Soliño | Cangas | Pontevedra |
| 36007734 | IES Mendiño | Redondela | Pontevedra |
| 36020295 | IES Mestre Landín | Marín | Pontevedra |
| 36018501 | IES Monte Carrasco | Cangas | Pontevedra |
| 36019232 | IES Monte da Vila | O Grove | Pontevedra |
| 36014520 | IES Pedra Da Auga | Ponteareas | Pontevedra |
| 36016656 | IES Pedro Floriani | Redondela | Pontevedra |
| 36004745 | IES Plurilingüe A Paralaia. | Moaña | Pontevedra |
| 36019657 | IES Primeiro de Marzo | Baiona | Pontevedra |
| 36011798 | IES Alexandre Bóveda | Vigo | Pontevedra |

## ANEXO II

| *Méritos* | *Puntos* | *Documentación xustificativa* |
|---|---|---|
| 1. Antigüidade (máximo 4 puntos). | | |
| 1.1. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario que superen os cinco exixidos como requisitos: | 0,50 | Certificación ou folla de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| 1.2. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: | 0,25 | Certificación ou folla de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| 2. Desempeño da Dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo seis puntos). Baremación de oficio deste apartado agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica. | | |
| 2.1. Por cada ano como directora ou director nun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:<br>a) no centro ao que se opta<br>b) noutros centros | <br><br><br>1<br>0,60 | Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento. |
| 2.2. Por cada ano como directora ou director nun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta: | 0,50 | Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento |
| 2.3. Por cada ano como subdirector ou xefe de servizo en postos da Administración educativa: | 0,50 | Copia simple a do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento. |
| 2.4. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:<br>a) no centro ao que se opta<br>b) noutros centros | <br><br><br>0,50<br>0,30 | Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento |
| 2.5. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: | 0,25 | Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento. |
| 2.6. Por cada ano como xefe de departamento, coordinador dos equipos de normalización lingüística, coordinador de ciclo e análogos, dun centro que | 0,15 | Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento |

| *Méritos* | *Puntos* | *Documentación xustificativa* |
|---|---|---|
| impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: | | |
| 3. Méritos académicos: máximo 1 punto. Baremación de oficio deste apartado agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica. | | |
| 3.1. Por cada título de doutor: | 0,50 | Copia simple do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). |
| 3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados: | 0,25 | Copia simple do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). |
| 3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo: | 0,15 | Copia simple do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). |
| 4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Baremación de oficio deste apartado agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.<br>Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas. | | |
| 4.1. Por actividades e cursos recibidos: | Ata 2 | Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación. |
| 4.2. Por cursos impartidos: | Ata 1 | Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación. |
| 5. Corpo de catedráticos. Baremación de oficio deste apartado. | | |
| Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: | 0,50 | Baremación de oficio deste mérito. |
| 6. Servizo activo. Baremación de oficio deste apartado. | | |
| Por estar en situación de servizo activo | 2,00 | |
| 7. Destino. Baremación de oficio deste apartado. | | |
| Por ter destino definitivo no centro ao que se concursa | 2,00 | |
| 6. Proxecto de dirección. | | |
| Polo proxecto de dirección: | Ata 12 | Orixinal deste. |

ANEXO III

**Solicitude de participación no concurso de méritos para a selección dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006,do 3 de maio, de educación, na Comunidade Autónoma de Galicia**

1. Datos persoais.

| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| DNI | Enderezo (rúa, praza..., número, piso) | | |
| | | | |
| Localidade (con indicativo postal) | Provincia | Telf. fixo | Telf. móbil |
| | | | |

2. Datos do destino.

| Destino definitivo | Corpo/especialidade |
|---|---|
| Destino provisional | Corpo/especialidade |

3. Centro docente que solicita.

| Orde | Código | Centro | Concello |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |

……………………………….....,  ... de……………... de 20...

Sinatura

Xefatura Territorial de ………………….